

Catálogo do *Tumbo de la Hacienda que la Madre de Dios de Sobrado tiene en Tierra de Mellide y Monterroso y Donaciones, y Foros, y Ventas*

CARLOS PEREIRA MARTÍNEZ*

Sumario

Catalogación dun Tumbo (s. XII-XVII) do mosteiro de Sobrado, relativo a propiedades en Melide, Arzúa, Toques, Monterroso, Quiroga, Chantada, etc.

Abstract

Cataloguing of the collection of archives documents of Sobrado Monastery (XIIth-XVIIth centuries) concerning properties in Melide, Arzúa, Toques, Monterroso, Quiroga, Chantada, etc.

A Alfredo Erias, reencarnación dos iluminadores medievais.

Dentro dos fondos que alberga o Arquivo do Reino de Galicia existe unha riquísima sección, Libros de Mosteiros, na que se custodian fondos monásticos pertencentes a cenobios como Sobrado, Monfero, Montefaro, etc.

Hai algún tempo, tivemos que realizar un traballo de catalogación, e escollemos o chamado *Tumbo de la hacienda que la Madre de Dios de Sobrado tiene en Tierra de Mellide y Monterroso y Donaciones, y Foros y Ventas*, inventariado como **Libros de mosteiros, Sobrado, sinatura nova 431**.

Das súas características físicas destacaremos que está escrito en papel e forrado de pergamino, sendo o seu estado de conservación bo. No que respecta á súa escritura, a lexibilidade é aceptable, non presentando maiores problemas a transcripción dos seus documentos. No tocante á época da súa redacción, cremos que pode datarse con bastante seguridade en 1655, como se deduce de certa afirmación do copista (ver o folio 112v).

Como se poderá ver logo, os documentos que nel aparecen están agrupados por lugares, sen seguir unha orde cronolóxica rigorosa, senón bastante aproximativa. O espazo temporal que abranguen é moi amplo, remontándose o máis antigo ao ano 1101, e sendo o máis serodio de 1650 (sen contar, claro está, uns documentos que aparecen no Tombo, soltos, e que non teñen nada que ver con el, como explicaremos cando corresponda).

Agrupando os documentos por séculos, teríamos a seguinte distribución:

Século XII: 42

Século XIII: 55

Século XIV: 12

Século XV: 23

* Carlos Pereira Martínez é funcionario do Concello de Culleredo e historiador.

Século XVI: 78

Século XVII: 37

Séculos XII-XIII: 9

Sen data: 4

Non incluímos no cadro os documentos que figuran ao final do Tombo, soltos, por considerarmos que pola súa temática non pertencen a este.

No que respecta á información que proporcionan os documentos, pódese comprobar perfectamente neles o proceso de formación do patrimonio monástico nos lugares aos que se refiren os documentos. As doazóns reais, as de particulares e as compras van incrementando pouco a pouco as posesións do mosteiro, observándose, a partir do século XVI, unha tendencia a aforar grupos compactos de propiedades a poucas persoas, o que permitiría un maior control das rendas, aínda que, ás veces, o mosteiro se vexa obrigado a preitear para cobrar as rendas ou recuperar a posesión das súas propiedades.

As rendas se cobran, na maioría dos casos, en especie: trigo e centeo son os cereais preferidos.

É de destacar que a meirande parte das posesións que afloran no Tombo se encontran en vilas ou lugares enclavados no Camiño francés, destacando polo seu número as de Melide e Arzúa, uníndose ás propiedades nestas vilas outras en San Xiao do Camiño, Portomarín, Triacastela e Quiroga.

Respecto do tipo de propiedades, abundan as casas, especialmente nos núcleos urbanos, e os casais con terras de cultivo nas áreas rurais.

Así mesmo, da análise dos documentos poderíamos tirar precisas informacións en aspectos, por exemplo, como a lexitimidade familiar á hora das transmisións dos foros, o cómputo da duración destes, etc.



Anuario Brigantino 1999, nº 22

CATÁLOGO DO TOMBO

Os oito primeiros folios do Tombo están sen numerar, ocupándoos un Índice onomástico. Seguen a continuación catro folios en branco, tamén sen numerar.

[MELIDE]

1101, setembro, 8.

María Peláez, filla de Paio Ferru, doa ao mosteiro de Sobrado toda a facenda que tiña en Touriz e en Melide para que a encomenden a Deus. (fol. 1r)

1140, novembro, 9.

Pedro Núñez e a súa muller María Pérez venden a Menendo Rodríguez e á súa muller Enxemena Díaz unha casa en Melide, sendo o prezo unha egua de 46 soldos, un boi de 20 soldos e unha vaca de 15 soldos. (fol. 1v-2r)

1146, febreiro, 12.

Testamento de Menendo Rodríguez polo que deixa a Sobrado media casa e unhas herdades en Melide e outra casa xunto ao camiño. (fol. 2v-3r)

1164, xuño, 22.

Diego Odoario e a súa muller María Bermúdez doan a Sobrado unha casa en Melide baixo certas condicións. O pacto é roborado con 200 soldos. (fol. 3r-v)

1164, xuño, 22.

O abade de Sobrado, don Exidio, cede a Diego Odoario e á súa esposa o aluguer da casa de Melide que estes doaran ao mosteiro, para que o disfruten durante a súa vida. (fol. 3v-4r)

1164, maio, 25.

Xoán Díaz e a súa muller Marina Bermúdez, xunto cos seus fillos, venden ao mosteiro de Sobrado unha casa en Melide, por un prezo de dous cabalos valorados en 60 soldos de moeda do rei. (fol. 4r-v)

1164, xuño, 22.

Diego Odoario e a súa muller María Bermúdez fan un pacto co mosteiro de Sobrado, roborado con 200 soldos, polo que ceden ao mosteiro a súa porción dunha casa en Melide. (fol. 4v-5r)

1164.

Paio «Furtado» vende ao abade Exidio e ao mosteiro de Sobrado unha casa en Melide e o que cobraba de renda noutras casas por 200 soldos de roboración. (fol. 5v-6r)

1166, maio, 14.

María Arias doa ao mosteiro de Sobrado

certas propiedades en Touriz, San Salvador de Trasanqueros, San Xoán de Furelos, Melide.. (fol. 6r-v)

1166, maio, 4.

Paio Bermúdez, chamado «Furtado», vende ao abade Exidio e ao mosteiro de Sobrado unha casa que fixo en Melide por 170 soldos *angvinios*. (fol. 7r)

1167, setembro, 5. Sobrado.

Diego Odoario e a súa muller María Bermúdez venden ao abade Exidio e ao mosteiro de Sobrado unha casa en Melide por 180 soldos *anguinos*. (fol. 7r-v)

Vén tachada unha venda de 1185. Á marxe di: «Pasa delante dos hojas». (fol. 7v)

1185, maio, 21.

Cambio que fixo o abade Fernando e o mosteiro de Sobrado con Pedro, prior do Hospital e os comendadores desta Orde. Estes danlle ao mosteiro as herdades que tiñan no couto de Sobrado e o mosteiro cédelles media casa e un muíño no burgo de Melide. (fol. 8r-v)

1258, abril, 19.

Elvira Pérez, filla de Pedro Muñoz e de María Miguélez, vende ao mosteiro de Sobrado, e ao seu abade Muñoz, canto ten no mosteiro de San Salvador de Touriz, na igrexa de San Xoán, na de San Paio de Navaza, no casal de Barro de Iusano, en Barro de Susano, en Foián, en Senra, en Cimadevila e en Fornelos, por 50 soldos leoneses. Dálles tamén, pola súa alma e a dos seus parentes, toda a herdade eclesiástica que tiña en ditos lugares. (fol. 8v-9v)

1189, xuño, 30.

Paio Peláez e a súa muller Marina Peláez venden ao abade Bernardo e ao mosteiro de Sobrado a novena parte dunha praza, e da terceira parte da mesma praza dúas quintas e media, por 237 soldos e 6 diñeiros. Fernando Peláez e a súa muller Xuliana venden así mesmo a metade da quinta parte desa praza por 27 soldos e 6 diñeiros. Pedro Fernández vende igualmente a quinta parte da praza por 60 soldos. (fol. 9v-10v)

1189, xaneiro, 13.

Fernando Núñez doa ao mosteiro de Sobrado as herdades que tiña no barrio de Quintana, en Melide, e o que tiña, tanto eclesiástico como laico, en Santa María de Vilariño. (fol. 10v-11r)

1189, marzo, 1.

Fernando Núñez doa ao mosteiro de Sobrado

do, pola alma dos seus parentes, toda a herdade que tiña no burgo de Melide, e as porcións e dereituras que tiña en Vilaríño, tanto laicas como eclesiásticas. (fol. 11r-v)

1186, agosto, 15.

Xoán Bermúdez e a súa muller Marina Pérez venden ao mosteiro de Sobrado a parte que tiñan dunha casa por 300 soldos e dous carneiros como roboración. Rodrigo Calvo vende a súa porción de dita casa por 23 soldos e un soldo de roboración. Pedro Jordan vende a súa porción por 20 soldos. Paio vende a súa porción da mesma casa por 63 soldos. (fol. 11v)

1189, agosto, 6.

Peironela Luxíldez, muller de Munio Rodríguez, xunto co seu fillo Rodrigo Muñiz, vende ao mosteiro de Sobrado a metade dunha casa no burgo de Melide por 300 soldos *turonenses*, debendo darlle o mosteiro tamén o censo anual das xentes de Touriz, que eran dous soldos. (fol. 12r)

1189, xuño, 14.

Vivian Muñiz e a súa muller María venden ao mosteiro de Sobrado a metade dunha casa no burgo de Melide por 210 soldos e un carneiro como roboración, debendo dar o mosteiro catro soldos anuais de renda a Santiago. (fol. 12r-v)

1189, agosto, 6.

Munio Rodríguez, Peironela Luxíldez e o seu fillo Rodrigo Muñiz venden ao mosteiro de Sobrado a metade dunha casa no burgo de Melide por 300 soldos *turonenses* e dous carneiros como roboración. (fol. 12v-13r)

1199, xuño, 30.

Paio Peláez e a súa muller Marina Peláez venden ao abade Bernardo e ao convento de Sobrado a novena parte dunha praza, e dúas quintas da terceira parte de dita praza, sita en Melide, por 237 soldos e 6 diñeiros. Estaba esa praza entre a casa dos freires do Hospital, a de Nuño Gualga, en dirección á grande casa de Sobrado. Igualmente Pedro Fernando Peláez e a súa muller Viliana venden ao mosteiro a metade da quinta parte desa praza por 27 soldos e 6 diñeiros. Tamén Pedro Fernández vende a quinta parte de dita praza por 60 soldos. (fol. 13r-v)

1201, maio, Sobrado.

O rei Afonso IX doa ao mosteiro de Sobrado e a don Paio, enfermeiro, para a enfermería de dito mosteiro, a décima parte do portádego que se pagaba en Melide e as caloñas que ao rei se lle pagaban na vila cada ano, pola súa alma e as dos seus pais e avós. (fol. 13v-14r)

1204, febreiro, 8.

Xoán Ibáñez e Azenda Ibáñez venden a Bermudo Pérez, celareiro de Sobrado, e ao mosteiro, unha praza en Melide, xunto ao camiño que ven de Oviedo, por 30 soldos e 15 diñeiros de roboración. (fol. 14r-v)

1204, xaneiro, 10.

María Peláez, filla de Paio Peláez, vende ao abade Paio e ao mosteiro de Sobrado a oitava parte dunha casa que tiña en Melide, riba da vila, por 80 soldos. (fol. 15r)

1205, agosto, 16.

Pedro Muñiz e a súa muller María Pérez venden a Bermudo Peláez, celareiro do mosteiro de Sobrado, e ao convento, a cuarta parte dunha praza e dunha casa en Melide, sitas xunto á praza da grande casa de Sobrado, por 350 soldos e 25 soldos como roboración. (fol. 15r-v)

1205, abril, 16.

Gonzalo Fernández empeña ao mosteiro de Sobrado en 180 soldos a metade dunha casa en Melide, coa condición de que, cando devolva o diñeiro, o mosteiro lle dará a casa, mentres que as rendas que nese momento producise a casa as tivese o mosteiro pola súa alma; en caso de non pagar, o mosteiro quedaría coa vivenda. (fol. 15v-16r)

1205, novembro, 20.

Sancho Ibáñez, fillo de Xoán Alvite de Melide, vende ao abade Paio Ovéquiz, e ao mosteiro, a quinceava parte dunha casa que construíra fronte á casa do Hospital, por 99 soldos e un de roboración. (fol. 16r-v)

[**Século XIII**]

Sancho Pérez manda soterrarse en Sobrado, deixando unha casa en Melide, un cabalo, seis eguas, doce vacas, a metade dun muíño en Melide que renda 25 soldos, e dita casa 60 soldos, ambos anuais, e 10 modios de pan. De loitosa manda un cabalo enselado, e *sentum*, lanzas, espadas, lorigas, elmos e *genolarias*. (fol. 16v)

1220, abril, 17.

Pacto feito entre o mosteiro de Sobrado e Nuño Rodríguez e a súa muller Urraca Ibáñez. Estes renuncian a toda a demanda que mantiñan sobre a metade dun muíño que lle dera Xoán Pérez de Touriz ao mosteiro, a cambio de que o convento lles dese dúas partes de dita metade, durante a súa vida, quedando á súa morte para o convento, xunto a un casal que tiñan na vila de Petos [Furelos, Melide]. O matrimonio, á súa vez, acorda o reparto da parte que lles corres-

ponde do muíño e do casal. (fol. 16v-17v)

1221. Melide.

Xoán Oariz, xunto coa súa muller Sancha Fernández e a súa filla María Ibáñez, vende ao abade Henrique, e ao mosteiro de Sobrado, a metade dunha casa en Melide, que fora de Pascual de Dormiaa, por 500 soldos. (fol. 17v)

1214, abril, 4. Lugo.

Afonso IX fai doazón a Deus e á enfermería do mosteiro de Sobrado da décima parte das rendas que tiña na vila de Melide e de todas as caloñas, tal como as tiña o mosteiro antes de que se poblara de novo Melide. Faino por remedio da súa alma e as dos seus parentes. (fol. 18r-v)

1265, xuño, 30.

María Pérez e Domingo Pérez, fillos de María Bermúdez e de Pedro Martínez de Leboeiro, outorgan e dan por firme a venda dunha praza que a súa nai vendera a Pedro Abril, albergueiro, e logo este ao mosteiro de Sobrado. A praza estaba na rúa de Nalar, en Melide. (fol. 18v)

1272, outubro, 13.

María Pérez de Melide e su home Fernán Ibáñez venden a Pedro Martínez e á súa muller Elvira Pérez a oitava parte da casa na que estes últimos vivían, sita na rúa de San Pedro, entre unha casa propiedade destes e outra dos freires do Hospital, por 26 libras de diñeiros afonsís. (fol. 19r)

1292, outubro, 6.

Xoán Ibáñez de Melide e a súa muller Maior Ibáñez venden ao abade de Sobrado, don Xácome, e ao mosteiro, unhas casas na rúa de Melide, por 6.000 morabetinos afonsís. (fol. 19r-v)

1292, abril 25.

Xoán Ibáñez de Melide e a súa muller Maior Ibáñez, co consentimento dos seus fillos, venden a don Xácome, abade de Sobrado, e ao convento, a casa que fixeron na rúa de Melide, co seu celeiro, apendres, corral, árbores, pombal e outro celeiro pequeno. Estaba esta casa en dirección á casa do Templo. A venda faise por 6.000 maravedís afonsís da guerra, e por un *polote* e un *cesame* para Maior Eanes. (fol. 19v-20r)

1289, maio.

Nuño Martínez doa pola súa alma ao mosteiro de Sobrado certas herdades en Santiago de Baltar, Cartamir, Piñeiro, Radar, Vacones, Santa María, San Miguel, Santa Baía de Filgueira, Lobeiro, Viladavid, Busto, Codeso, Pladaneiro, Faxilde, Saamir, Martín, Causo e Igodulfi. (fol. 20r-v)

1305, maio, 20.

Pedro Ibáñez, xuíz de Melide, doa a Sobrado unhas casas que comprara en Melide a Rui Míguez, e sobre das que o mosteiro apartaba a súa demanda, dándolle o mosteiro uns diñeiros. (fol. 20v-21r)

1308, agosto, 25.

O abade do mosteiro de Sobrado, Xoán García, reclama, ante o notario do rei na Ponte de Men, Pedro Ibáñez, a Rui Freire de Andrade, albacea do testamento de María de Cornado, os casares e herdades que esta legara ao mosteiro en Abeancos, e os que ela tiña do mosteiro en Abeancos e Cornado. Rui Freire de Andrade reconece que esa manda é verdadeira e acorda desembargar a Sobrado ditas herdades. (fol. 21r-v)

1357, agosto, 18. Melide.

Xoán López, fillo de Lope Ibáñez de Villa Plana e a súa muller Xoana Peláez, filla de Paio López de Leboeiro, e a súa filla, venden a don Munio, abade de Sobrado, e ao convento, a metade dunha casa na rúa San Pedro, en Melide, por 223 soldos e uns queixos de roboración. (fol. 21v-22r)

1357, xaneiro, 19.

Exidio Cadela de Melide, cos seus fillos Domingo Peláez e María Peláez, vende a Pedro Ovéquiz, abade de Sobrado, e ao convento, a oitava parte dunha casa no burgo de Melide, por oito soldos. (fol. 22r-v)

[**Século XII**]

Enxemena Díaz fai *annuntionem*, ao abade don Exidio, ao prior don Martiño e ao convento de Sobrado, da casa que o seu home, Menendo Rodríguez, dera ao mosteiro, aceptando do abade dous bois, unha vaca e un *parinum*, quedando o que permanecese disto, á súa morte, para o mosteiro. (fol. 22v)

[**Século XII-XIII**]

Pedro Muñiz, Pedro Pérez, e outros, venden a Bermudo Peláez, celareiro do mosteiro de Sobrado, as porcións que posuían dunha praza en Melide. (fol. 22v-23r)

[**Século XII-XIII**]

Marina Ibáñez, filla de Xoán Rodríguez, vende a oitava parte dunha praza en Melide por 15 soldos e 12 diñeiros como roboración. (fol. 23r)

[**Século XIII**]

Relación de casas que o mosteiro de Sobrado ten en Melide, especificando quen llas vendeu e o prezo. (fol. 23r)

[Século XIII]

Relación de casas (cos seus propietarios, especificándose, no caso do mosteiro, a quen llas mercaron e o prezo) no camiño, en Melide. Ao final explícase a forma de regular a canalización das augas pluviais. (fol. 23v-24r)

1164, abril, 4. Sobrado.

Marina Arias doa ao abade don Exidio e ao mosteiro de Sobrado as súas porcións no mosteiro de Touriz, no burgo de Melide, en Peurada, en Petos, en Furelos, en Golón, en Villa Pinario, de Nandul, Vilabide, Trasanquelos superior e inferior e noutros lugares, a cambio de ser partícipe dos beneficios e oracións do mosteiro. (fol. 24r-v)

[Século XII-XIII]

Relación de personas que levan parte da herdade do mosteiro de Sobrado en Touriz. (fol. 24v)

[Século XII-XIII]

Relación de quiñóns que o mosteiro de Sobrado ten en Touriz, relacionándose as personas ás cales os adquiriron ou das que os recibiron en doazón. (fol. 24v-25r)

[Século XII-XIII]

División das herdades de Touriz, relacionándose as porcións que ten o mosteiro. (fol. 25r)

1358, xuño, 22. Melide.

Preito entre don Martiño, abade de Sobrado, e o convento, con Pedro Ibáñez, *milite* de San Cibrao de Abeancos, sobre certas herdades en Melide, en Mero e en Petos. O mosteiro renuncia á herdade de Mero quedándose a cambio coa de Melide e co muíño de catasol en Mero. (fol. 25r-v)

[Segue un folio en branco por ambas caras, sen numerar].

[Século XVI]

Relación das casas que García Conde de Aguiar tiña aforadas do mosteiro de Sobrado en Melide, con mención das persoas que as levaban, os lindeiros, etc. (fol. 26r-27r)

Os folios 27v, 28r-v e 29r-v están en branco. 1517.

O abade de Sobrado, Francisco, e o convento, aforan a Lope Conde, veciño de Melide, a casa na que vive, con todas as outras casas, hortas, herdades e prazas que o mosteiro ten na vila de Melide e preto dela, e en Santa María de Melide, o seu anexo, por un censo anual de 238 maravedís, a pagar no mosteiro, e coa condición de que Lope Conde e os seus herdeiros dean pousada, cama,

lume, auga e sal ao abade, prior, monxes e mordomos do mosteiro, prohibíndolle así mesmo venderen sen licenza. Se no prazo de tres anos non pagase, perderíao todo coas melloras que tivese feito. (fol. 30r)

1392.

O abade de Sobrado, Alonso Ibáñez, afora a Diego García a casa das *balanzas*, en Melide. (fol. 30r-v)

1444.

O abade de Sobrado, Rodrigo Núñez, afora a Gonzalo de Melide e á súa muller, Constanza Díaz, e dúas voces máis -fillo ou filla- a casa das *balanzas*, coas súas cortiñas, entradas e saídas, por un canon de 10 maravedís anuais, coa obriga de daren pousada aos monxes, frailes, familiares e mozos do mosteiro. (fol. 30v)

1469, maio, 4.

Rodrigo, abade de Sobrado, e o convento, aforan a Ares Martínez e a Constanza Xiráldez, a súa muller, e a unha voz, a casa das *balanzas*, en Melide, co seu celeiro, por oito maravedís de boa moeda a pagar por San Martiño. (fol. 30v)

1509, febreiro, 27.

Frei Fulxencio de Cuéllar, abade de Sobrado, e o convento, aforan a Gonzalo de Melide e á súa muller, Catalina López e dúas voces máis, a casa das *balanzas*, en Melide, coas súas cortiñas - dúas delas atravesadas polo camiño francés- por un canon de 20 maravedís, pagadeiros en Sobrado por Santa María de agosto, e coa obriga de daren pousada a membros do mosteiro. (fol. 30v)

1540.

Pedro Calvacho, veciño de San Sebastián de Castro, presentou ao seu fillo Gregorio Calvacho por voz dunha casa e celeiro en Melide, do foro de Lope Conde. (fol. 30v-31r)

1572.

Gómez da Ventosa, escudeiro, veciño de Melide, declarou traer dúas casas na rúa pública de Melide, unha na que vive o vigairo Gregorio de Basadre e outra a das *balanzas*. (fol. 31r)

1509.

Frei Fulxencio de Cuéllar, abade de Sobrado, e o convento, aforan a Gonzalo de Melide e á súa muller, Catalina López, e dúas voces máis, as casas que o mosteiro ten en Melide, chamadas *das balanzas*, por 20 maravedís pagadeiros por Santa María de agosto, e coa obriga de daren pousada. (fol. 31r)

(Este foro xa figura no folio 30r).

1454.

Frei Rodrigo Núñez, capelán do príncipe e abade de Sobrado, e o convento, aforan a Diego García, e a dúas voces, unha casa en medio da rúa de Melide, por 13 maravedís e medio de moeda vella, a pagar en Sobrado por San Martiño. (fol. 31v)

1454.

O abade de Sobrado, frei Rodrigo Núñez, capelán do príncipe, e o convento, aforan unha casa en Melide a Álvaro Ferreiro e á súa muller, fillo e neto, por un canon de 13 maravedís vellos, e con obriga de daren pousada. (fol. 32r)

1495.

Frei Pacífico, abade de Valbuena e presidente de Sobrado, co prior e convento, aforou a Roi González ferreiro, veciño de Melide, e a dúas voces que sexan fillo e neto, a casa do *prexel verde*, na rúa grande de Melide, por un real de prata anual e coa obriga de daren pousada aos relixiosos do mosteiro. (fol. 32v)

1573.

Nunha declaración que fai, García Conde di coñecer a *casa do prexel verde* que ao presente leva Gómez da Ventosa, que linda pola parte dianteira coa «calle pública» que pasa pola vila e pola traseira co camiño que sae da vila para Fonte de Favian. (fol. 32v)

1390.

Bernardo Ibáñez e Aldara Gómez venden a Urías Pérez, alfaiate, e á súa muller, unha casa na carnicería de Melide, propiedade de Sobrado. Os compradores comprométese a pagar a pensión existente sobre ela. (fol. 33r)

1527.

Frei Arbilán, abade de Sobrado, e o convento, aforan a ¿Álvaro? López de Traspensas, veciño de Borraxeiros, e á súa muller, Leonor de Quixada, e a un fillo e neto lexítimos, unha casa en Melide, co seu celeiro na porta de Abeancos, cunha cortiña e nabal que están na feira do campo dos porcos, e dúas hortas máis, unha delas xunto á barbacana, por unha libra de cera «veintena» de renda. Lles aforan, ademais, o que o mosteiro ten en Valladares. (fol. 33v)

1603, xuño, 1.

Lope de León, abade de Sobrado, e o convento, aforan a Sebastián López e á súa muller, veciños de Melide, e a dúas voces, unha casa, na que vivía Gregorio de Basadre, por catro reais a pagar en Sobrado por San Xoán, e coa décima do prezo. (fol. 34r)

1454.

Frei Rodrigo, capelán do príncipe don Xoán e abade de Sobrado, e o convento, aforaron a Vasco Gómez da Ventosa, escudeiro, morador no lugar de Pousada, unha casa en Melide, detrás da rúa de Melide, en dirección a Sancti Spiritus, por unha vida e dúas voces máis, que sexan fillo e neto, por un canon de 13 maravedís de moeda vella, a pagar en Sobrado por San Martiño. (fol. 34v) **1464**

Frei Rodrigo, abade de Sobrado e capelán do príncipe, e o convento, aforan a Gómez, mercader, veciño de Melide, e a dúas voces, unha casa na rúa de Melide, por unha renda de 133 maravedís de moeda vella a pagar en Sobrado. (fol. 35r)

1465.

Frei Rodrigo, capelán do príncipe e abade de Sobrado, e o convento, aforan a Pedro Dorro e á súa muller María Fernández e a dúas voces un soto para unha casa e unha cortiña, en Melide, por 15 maravedís de moeda vella, pagadeiros en Sobrado en agosto e coa obriga de daren pousada aos relixiosos. (fol. 35v)

1478.

Frei Xoán García, abade de Sobrado, co prior e convento, aforan a Rui Gómez e a Maior Alfonso, a súa muller, unha casa e celeiro en Melide, por 60 maravedís de moeda boa a pagar en Sobrado por agosto. (fol. 36r)

1492.

Frei Alonso Ibáñez, abade de Sobrado, xunto co prior e convento, aforan a Diego García e á súa muller Catalina Díaz a casa en Melide denominada do *prexel rojo*, e por dúas voces máis, nunha renda de 20 maravedís da moeda vella. (fol. 36v)

1444.

Rodrigo Núñez, abade de Sobrado, co convento, aforan a Gómez Freire, morador en San Salvador de Abeancos, unha casa en Melide, por cinco soldos de moeda usual a pagar por San Martiño no mosteiro. (fol. 37r)

14[.].]

Alonso Ibáñez, abade de Sobrado, co prior e convento, aforaron a Rui Ares de Melide unha casa en Melide, por 13 maravedís de renda, a pagar por San Martiño. (fol. 37v)

1263.

Rodrigo Ibáñez, abade de Sobrado, e o convento, aforan a Gonzalo Díaz unha casa en Melide, por 20 maravedís a pagar por Santa

María de agosto en Sobrado. (fol. 38r)

1418.

Fernando Ibáñez, abade de Sobrado, co convento, aforan a Gonzalo Díaz, escribano, criado do conde don Pedro, unha casa en Melide, por 20 maravedís de renda pagadoiros por San Martiño, coa obriga de daren pousada aos relixiosos e homes do mosteiro. (fol. 38v)

S. SALVADOR E S. XOÁN DE TOURIZ. LUGAR DE MADREFENTE.

1166.

María Arias doa ao mosteiro de Sobrado o mosteiro de Touriz, que está preto de Melide, e o que tiña en Pedrada, Petos e Furelos. (fol. 39r)

1248, xuño, 1.

Lope López, miles de Andabao, doa ao mosteiro de Sobrado as herdades que tiña no mosteiro de San Salvador de Touriz, en San Xoán e en San Paio, tanto eclesiásticas como laicas, e a súa porción na igrexa de Santa María de Vilariño. Faino por remedio da súa alma e a dos seus parentes. (fol. 39r-v)

1254, outubro, 26.

Rodrigo Ibáñez, miles, fillo de Xoán Fernández de Oleiros, co seu fillo Xoán Rodríguez, doa ao mosteiro de Sobrado, pola súa alma e a dos seus parentes, a sexta da oitava da quinta parte da vila de Touriz, que tiña do seu pai, e a metade doutra sexta que tiña do seu irmán, agás os casais de Nogueiras e Rubeiros, recibindo do mosteiro 20 soldos. (fol. 39v-40r)

1258, marzo, 28. Sobrado.

Arias Pérez e Rodrigo Peláez, fillos de María Fernández de Touriz, doan ao mosteiro de Sobrado, e ao seu abade don Xoán, o que lles pertence do mosteiro de San Salvador de Touriz e das igrexas que pertencen a ese lugar, San Xoán e San Paio de Navaza, que terán durante a súa vida, e igualmente a terá Pedro Arias, fillo de Arias Pérez. Fanno por remedio da súa alma e a dos seus parentes. (fol. 40r)

1258, maio, 2.

Lourenzo Pérez de Santa Baia de Maadelos, co seu fillo Miguel Lourenzo, doa ao mosteiro de Sobrado as herdades, tanto laicas como eclesiásticas, que ten do seu pai en Touriz. Faino por remedio da súa alma, recibíndoo o mosteiro como familiar e dándolle sepultura. Recibe igualmente do mosteiro 40 soldos. (fol. 40v-41r)

1258.

Elvira Pérez vende ao mosteiro de Sobrado

canta herdade tiña no mosteiro de San Salvador de Touriz, en San Xoán e en San Paio de Navaza e en Barrio iusano e susano, en Fosacos, en Senra, en Cimadevila e en Fornelos. (fol. 41r)

1261, xullo, 15.

Maior Ibáñez de San Lourenzo de Pasteiro, filla de Henrique Pérez e neta de Fernando de Touriz, doa a Fernán Suárez, monxe de Sobrado, en nome do mosteiro, a herdade, tanto laica como eclesiástica, que posúe en San Salvador de Touriz, por remedio da súa alma e a dos seus parentes. Igualmente o fai Diego Arias, armiger do pai da dita Maior. (fol. 41v)

1294, xuño, 1.

Fernán Xoán de Golán doa ao mosteiro de Sobrado o herdamento que tiña na igrexa de San Salvador e San Xoán de Touriz, e na vila de Barrio a tercia da sexta parte. O fai pola remisión dos seus pecados e os dos seus parentes. (fol. 41v-42r)

1266, maio, 15.

Testamento de Vasco López de Ulloa. (fol. 42r-44r)

1317, maio, 17.

Testamento de Sancho Sánchez de Ulloa. (fol. 44r-47r)

[O folio 45 repítase dúas veces, aínda que con texto diferente. Existe, pues, un erro na numeración].

1332.

Frei Fernando, abade de Sobrado, e o convento, demandaron a Álvaro Sánchez de Ulloa sobre a propiedade e xurisdicción do couto de Vilouriz, sendo a sentenza favorable ao mosteiro. (fol. 47r-v)

1180.

O mosteiro de Sobrado arrenda o lugar de Varra e a leira que chaman «de Minaas» a Xoán Romeu de Touriz, coa obriga de que dea pousada aos monxes. (fol. 47v)

1268.

Frei Martiño, abade de Sobrado, arrenda a Martiño Pérez cantas herdades ten o mosteiro en Touriz, no lugar de Faficies. (fol. 47v)

1572.

Frei Anxo de Cartaxena, abade de Sobrado, e o convento, aforan a Francisco López e ao seu fillo Álvaro López, e por dúas voces máis co seu fillo Álvaro López, e por dúas voces máis co seu neto, o lugar do Pazo de Vilouriz, con todas as súas casas labradías e montesías, por un canon de catro perdes pagadeiras por novembro. (fol. 47v)

1625.

Frei Paulo Lirio, abade de Sobrado, co prior e os monxes, aforan a dona Catalina das Seixas, viúva de Xurxo das Seixas, e aos seus fillos menores, o couto de Vilouriz, con outras herdades que se citan. O foro terá a duración da vida de tres reis, comezando polo actual, Felipe IV. A renda estipúlase en catro celemíns de pan, catro libras de cera «veintena» e a cuarta parte do prezo. Así mesmo, á morte de cada rei, pagarán unha libra de cera. (fol. 48r)

[Século XVII]

Apeo do foro anterior. (fol. 48v)

1573.

Apeo do couto de Vilouriz. (fol. 48v)

1636.

Fíxose Carta Executoria contra dona Catalina pola paga da renda do foro anterior. (fol. 48v)

1232, maio, 18.

Froila Alonso, coa súa muller María Pérez, doa e concede ao mosteiro de Sobrado e ao seu abade, don Pedro Ibáñez, a metade duns casais en Santa María de Barazón, no lugar chamado Outeiro, e outra herdade en Goianes. O mosteiro pagaralles 1.050 soldos, cinco becerros, 20 ovelas e cederalles un casal en Sancti Benedicti, que xa Froila Afonsi levaba por forza. (fol. 48v-49v)

1439, febreiro, 19.

Xácome López, veciño de Goianes, requiriu a frei Lourenzo e ao convento de Sobrado a que recibisen os atrasos que se debían do couto de Goianes e do casal de Redondo, sito en San Miguel de Maceda, na Ulloa. O mosteiro lle fixo foro de novo de ambos os dous lugares por 160 maravedís. (fol. 49v)

1572.

Frei Anxo de Cartaxena, abade de Sobrado, e o convento, aforaron a Pedro de Minayas, mercader da Coruña e á súa muller Leonor López e por dúas voces máis que sexan fillo ou filla, neto ou neta lexítimos, o lugar de Outeiro de Goianes co seu señorío e xurisdicción, o casal de Redondo, sito en San Miguel de Maceda, gañados por Carta Executoria, casas, herdades, montes, prados, etc., en San Vicenzo de Ulloa. A renda estipulada foron cinco reais e medio a pagar por San Martiño. (fol. 49v)

1573, febreiro, 14.

Xoan López das Seixas, escribán, notifica a frei Atanasio Morante, abade de Sobrado, en nome de Isabel López, viúva de Xoán López de Liñares, como nai e titora dos seus fillos meno-

res, dicíndolle que lle requería coa paga atrasada que se debía ao mosteiro, facendo presentación desta e do foro, solicitando que non houbera xuízo. (fol. 49v)

[O folio 49 aparece repetido, con textos diferentes. Existe, pois, un erro na numeración do libro].

[Século XVI]

O mosteiro tiña a terceira parte da xurisdicción e señorío do couto de Goianes, sendo as outras dúas partes do mosteiro de Sancti Spíritus de Melide. María de Minayas, muller de Pedro de Minayas, vendeu a súa voz a Pedro Varela de Dubra. A Pedro Varela sucedeuno o seu fillo Xurxo Varela de Dubra e aquí terminou a voz do foro. (fol. 49r bis)

[Refírese ao foro feito en 1572 a Pedro de Minayas -ver fol. 49v].

1621.

O mosteiro deu a parte da xurisdicción do couto de Goianes, coa de Vilouriz, ao conde de Lemos. (fol. 49r bis)

1624.

O mosteiro de Sobrado demanda aos fillos de Xurxo Varela de Dubra e de Catalina das Seixas, presente a súa nai Maior como curadora e «tutriz» deles, sobre o couto de Goianes e o casal de Redondo. O 14 de xuño de 1625 a xustiza fallou a favor do mosteiro. Os demandados recorren e o 2 de setembro de 1626 díctase definitiva sentenza a favor de Sobrado. (fol. 49r bis)

1649.

Frei Atilano González, abade de Sobrado, co convento, afora pola vida de tres reis, sendo o primeiro Felipe IV, a María López Varela, veciña de San Estevo de Vilamor, e aos seus herdeiros, o lugar de Goianes, coas súas casas, corrais, montes, prados, etc. O canon se establece en 20 celemíns de pan a pagar por Santa María de agosto. (fol. 49r bis-49v bis)

1573.

Apeo do foro do ano de 1573, do lugar de Goianes e Redondo. (fol. 49v bis-50v)

S. MARTIÑO DE OLEIROS. LUGAR DE CERDEIRA.

1593.

Frei Atanasio Corriero, abade de Sobrado, e o convento, aforan a Matías López, veciño de Godelón, á súa muller e a dúas voces máis que sexan fillo e neto lexítimos, os casares e montes

de Cerdeira, por dous capóns de renda pagadeiros por Nadal no mosteiro. (fol. 51r)

1573, decembro, 30.

Apeo do lugar de Cerdeira. Diversos testigos declaran que son propiedade do mosteiro. Estaban, neste momento, ermos. (fol. 51r-v)

SANTIAGO DE LIÑARES. LUGARES DE CENAGALE CIMADAVILA.

1593.

Frei Atanasio Corriero, abade de Sobrado, e o convento, aforan a Gregorio de «encima de villa», veciño de Santiago de Liñares, á súa muller e a un fillo e neto lexítimos, os lugares de Cimadavila e Cenagal, coa condición de colleren a metade destes lugares, polo tempo e voces del, a Xoán López de Liñares, pagando 22 celemíns de pan por agosto ou setembro. Así mesmo terían que facer fronte aos preitos por herdades en ditos lugares que estivesen vendidas, enaxenadas, etc., e a Carta Executoria que sacasen entregarlle ao mosteiro. (fol. 52r)

1598.

O mosteiro de Sobrado executou aos anteditos polos 88 celemíns de pan que debían, restándolles 44 ao argumentar os demandados que tiveran que preitear. Mantense a obriga de continuar os preitos. (fol. 52r)

[Finais do século XVI]

Menciónase no documento unha concordia con Xoán Cerce, veciño de Santiago, sobre dúas cargas de trigo que pretendía levar sobre estes lugares de Cenagal e Cimadavila. Gregorio de Cimadavila e Xoán López de Liñares lle deron 70 ducados para que estes lugares quedasen libres, e sen carga ningunha, para o mosteiro. (fol. 52r)

1535.

Vasco de Lema renunciou a estes lugares en Xoán de Montemaior, o seu xenro. O mosteiro acepta a renuncia e a continuación do foro. (fol. 52r)

1573, decembro, 31.

Apeo dos lugares de Cenagal e Cimadavila. (fol. 52v-54v)

SANTALLADE AGRÓN. LUGAR DE SABLE.

1599.

Frei Atanasio Corriero, abade de Sobrado, e o convento, aforan a Xoán Vázquez e a Margarida López, a súa muller, veciños de Santalla de Agrón, e por outras dúas voces que sexan fillo e neto

lexítimos, o lugar de Sable, por unha renda de 12 celemíns de pan a pagar en agosto ou setembro e dous capóns pagadeiros en Nadal. (fol. 55r)

1628, abril, 17.

Sebastián Vázquez, fillo dos anteriores, noméase segunda voz do foro do lugar de Sable. (fol. 55r)

1572, decembro, 17. Santalla de Agrón.

Apeo do foro de Sable, en Santalla de Agrón. (fol. 55r-56r)

1598.

Hai unha posesión deste lugar de Santalla de Agrón que a causa de que estaba apestado o lugar non o quixo o escribán dar en 1598. A cal posesión deu o meiriño da merindade de Boente en virtude dunha escritura de foro e poder presentada ante Francisco de Paredes, meiriño de Boente, e lle foi dada a posesión do lugar e casal de Sable e do lugar da Pena e Villagodín e os autos, poder e foro, etc., testemuñáronse ante Pedro López Varela. (fol. 56r)

1547.

Hai unha referencia a un foro antigo do lugar de Sable feito a Gabriel Sánchez. (fol. 56r)

1568, decembro, 18. Ración.

Beneficios pola sincura de San Mamede de Barreiros e Santalla de Agrón. (fol. 56v-57r)

1512, marzo, 14.

Frei Fulxencio, abade de Sobrado, co convento, aforan a Ares García de Barreiro, veciño do lugar de Codeira, xunto a Ourense, e á súa filla Leonor de Noboa e a unha voz, a metade do lugar e herdades de Vilagodín, a metade das herdades de Rendos, que están en Pezobre, por un canon de cinco celemíns de pan a pagar en Sobrado por setembro. (fol. 57r)

1576, maio, 7.

García Conde, escudeiro, se nomeou por 3ª voz do lugar de Vilagodín e Rendos. (fol. 57r)

1572, decembro, 7. Valladares.

Apeo do lugar de Vilagodín. (fol. 57r-58r)
[Hai un erro no copista, que di que é o apeo de Rendos].

1572, decembro, 8. Carballido.

Apeo do lugar de Rendos. (fol. 58r-59r)

1512, marzo, 8.

Frei Fulxencio de Cuéllar, abade de Sobrado, e o convento, aforan a metade das herdades de Vilagodín e Rendos a Rodrigo Colmelo e a dúas voces máis, por unha renda de dous celemíns de pan anuais. fol. 59v)

1514.

Frei Fulxencio de Cuéllar, abade de Sobrado, e o convento, aforan a Lope Escudeiro, veciño de Melide, pola súa vida e dúas voces máis, a cuarta parte do casal de Vilagodín e a cuarta parte das herdades de Rendos, que lle pertencen por canon de Isabel de Barreiro, que levaba o foro de Sobrado, por unha renda dun celemín de pan. (fol. 60r)

[Fol. 60v en branco].

1543.

Frei Lorenzo Alderete, abade de Sobrado, co convento, aforaron a Xoán Pérez Valletero, veciño de Melide e a dúas voces máis que sexan fillo e neto, os dous terreos que pertencían ao mosteiro no casal que chaman de Souto, no lugar de Buxán, e outro sexto no casal chamado De cima, tamén en Buxán, freguesía de San Paio de Paradela, no couto de San Antoniño, da que el era foreiro, e outros dereitos nos mesmos casares (montes, árbores, etc.) por dous celemíns de pan a pagar en setembro. (fol. 61r)

1550, febreiro, 3.

Xoán Rodríguez Valleteros nomea no seu testamento a Gabriel Rodríguez Valletero por primeira voz do foro, que é a segunda da súa orde. (fol. 61v)

1573, xaneiro, 3. Buxán.

Apeo das herdades de Buxán, freguesía de San Paio de Paradela. (fol. 61r-64r)

MADROFENDE.

1579.

Frei Atanasio Morante, abade de Sobrado, e o convento, aforan a Xoán López, fillo de Xoán López de Linares e a Isabel López, a súa nai, e a un fillo e neto, o casal de Madrofende, unhas herdades en Senra, outros casares en Valo, o casal de Rubieroa, o casal de Fornelos, as herdades de Ribadas, o prado do linar, a agra dos regos, outras que labran Xoán Cobeiro e Pedro Rodríguez e o xuro de presentar a igrexa de San Xoán de Touriz, por dúas libras «veintenas» de cera postas no mosteiro. (fol. 64v)

1571.

Apeo do couto e freguesía de San Xoán de Touriz. (fol. 64v-68r)

ARZÚA.

1184, febreiro, 15.

Cresconio Pérez, presbítero e monxe de Sobrado, doa ao abade, don Humberto, e ao mosteiro

de Sobrado, varias porcións da igrexa de Santa María de Arzúa e de diversos casais preto da vila. (fol. 68r-v)

1280, xuño, 3.

Xoán Pérez, chamado Cortés, crego, doa ao mosteiro de Sobrado a cuarta parte dunha praza no burgo de Arzúa, que linda con outra praza do mosteiro e está ante a praza do Hospital da Ponte de Ribadiso. Mentres viva terá o seu uso, pasando á súa morte ao mosteiro. (fol. 68v)

1195.

Domingo Alonso, a súa muller María Ibáñez e os seus fillos, venden a Sobrado e ao seu abade, don Simeón, a oitava parte dunha casa en Arzúa, cos seus dereitos, por 100 soldos. (fol. 69r-v)

1206, xaneiro, 31.

Osorio Ibáñez e a súa muller Maior Pérez venden ao mosteiro de Sobrado e ao su abade don Paio, media praza, coa súa saída, no burgo de Arzúa, sobre o camiño, entre a casa de Gudesteo *ferrarii* e Xoán Pellenova, por 50 soldos e dous queixos de roboración. (fol. 69v)

1206.

Gudesteo Ferrarius e a súa muller Maior Pérez venden ao abade Paio e ao mosteiro de Sobrado unha casa, e unha parte de outra, no burgo de Arzúa, por un prezo de 150 soldos e 10 ovellas, máis dous queixos de roboración. (fol. 70r-v)

1286.

Fernán Pérez Cortés, crego, fixo doazón a Sobrado dunha praza na vila de Arzúa, xunto a onde mora Xoán Pérez, zapateiro, e entre a praza do Hospital e a ponte de Ribadiso. (fol. 70v)

[Á marxe: No vale].

1250.

Fernando Odoario, crego subdiácono, fillo de Odoario Odoario e María Pérez, fillos de Pedro Grandie de Castelo, por remedio da súa alma e a dos seus parentes, doa ao abade Pedro Martín e ao mosteiro de Sobrado todas as herdades, tanto laicas como eclesiásticas, que tiña na freguesía de Santa María de Rendal, no casal denominado *trans Ecclesiam*. (fol. 70v-71r)

1359, decembro, 2.

Maior Martínez de Arzúa vende a Domingo Ibáñez, celareiro de Sobrado, en representación do abade don Muñoz e do convento, a oitava parte da praza que tiña co mosteiro de Arzúa, por 160 soldos leoneses. (fol. 71r-v)

1361, febreiro, 28.

Rui Díaz, crego de Rendal, vende a don Pe-

dro Martínez, prior de Sobrado, en representación do abade e do convento, unha casa en Formelos, non citándose o prezo. (fol. 71v-72r) **1450.**

Frei Rodrigo Núñez, abade de Sobrado, co convento, aforan a Fernán Raposo, á súa muller María Pérez e a tres voces, fillos ou fillas, unha casa xunto ás casas do «Caballo manco» que foron de Lope García, notario, e xunto á de Álvaro de San Xoán, por unha renda de seis maravedís vellos. (fol. 72r) **1546.**

Alonso Núñez, escudeiro, veciño de Santiago, afora a Gabriel Sánchez e á súa muller, veciños de Arzúa, e a tres voces máis, varios formais de casas sitas na vila de Arzúa e os seus arredores, por unha renda de 102 maravedís a pagar en xaneiro e coa obriga de construír nun dos formais unha casa de madeira e pedra no prazo dun ano. (fol. 72v)

1548.

Alonso Miniz aforou a Gregorio de Seoane unha casa na vila de Arzúa, como a tiña de foro do mosteiro de Sobrado. Está no fondo de dita vila. A afora coa metade do terreo que está detrás de dita casa, por 51 maravedís anuais, a pagar en xaneiro, e sen podela vender. (fol. 73r) **1599.**

Frei Atanasio Corriero, abade de Sobrado, e o convento, aforan a Alonso Melgarexo Mosqueira e á súa muller dona María de Pedrosa e a un fillo e neto lexítimos, a casa da Torre que está xunto á casa que foi de Alonso Muñiz; un formal que linda con dita casa; a casa do «forno», que está abaixo da da Torre; dúas casas máis no fondo da vila de Arzúa; o formal que está arriba de ditas casas; outra casa xunto á casa do estanque; outra casa xunto desta; tres solos e catro terreos sitos en San Pedro de Lema e as herdades sitas en San Pedro de Abrantes, por unha renda de 24 reais anuais a pagar por San Martiño, e pagar así mesmo a décima. (fol. 73v) **1572, decembro, 16.**

Apeo das posesións do mosteiro de Sobrado en Arzúa. (fol. 74r-77r) **1205, outubro, 21.**

Paio Ovéquiz, chamado abade de Sobrado, co consentimento do convento, concede a Petro Martínez de Ribadiso unha praza no burgo de Ribadiso, para que poida construír nela unha casa, a cambio de 18 dinairos cada ano pagadeiros o

día de San Miguel. (fol. 77r-v)

1269.

Frei Xoán Henríquez, por consello do prior e do cabido de Sobrado, afora a Xoán Muñiz, crego de Ribadiso, os casares de Cartamir e de Ascariz e outras herdades en Ribadiso por unha renda de dous soldos, a pagar desde San Miguel a San Martiño. (fol. 77v)

1442.

Frei Pedro Fisteus, con poder, aforou a Gonzalo Ferreiro, á súa muller e a dúas voces máis, un terreo debaixo do terreo de Pedro Corral, que foi de Teresa Ibáñez de Arzúa, por unha renda de 50 «blancas viejas». (fol. 77v)

1533.

Relación de bens que o mosteiro de Sobrado aforou na vila de Arzúa a Alonso Muñiz. (fol. 78r)

[**Século XVII**]

Dise no documento que Gregorio Gómez, marido de María García, paga un real pola casa en que vivía Pedro García, ferrador, sen que haxa constancia de que leve ningún foro. (fol. 78v)

1599.

Frei Atanasio Corriero, abade de Sobrado, co convento, aforaron a Xoán Pérez, e a un fillo e neto, o lugar de Fonte Espín, por unha renda de dous celemins de centeo, a pagar no mosteiro. Posteriormente houbo un concerto sobre dito lugar e a renda rebaxouse a un celemin. (fol. 79r)

[**Século XVII**]

Faise referencia a que Gonzalo Sánchez, polo que leva do mosteiro en Chenda, paga medio celemin de centeo (segundo consta no Libro da panera do mosteiro). Se informa logo de que os seus herdeiros viven en Chenda e que un se chama Xoán da Vila. (fol. 79v)

[Os folios 80 e 81 están en branco].

[**Falta o que sería o folio 82**].

GRANXA DE FENTE.

1155, decembro, 24. León.

Afonso VII, coa súa muller a emperatriz dona Rica, e cos seus fillos, os reis Sancho e Fernando, doa ao abade don Exidío, e ao mosteiro de Sobrado, o casal ermo de Fente, que fora casa do conde Raimundo. (fol. 83r-v)

1155, setembro, 2.

Pedro Suárez, coa súa muller Urraca López, doan ao abade don Exidío, e ao mosteiro de Sobrado, a herdade que teñen en Vila Fente e en Vila Ínsula. Fano pola remisión dos seus pecados e

os dos seus parentes. (fol. 84r)

1203, outubro.

Paio Miniz e o seu fillo Munio Peláez, polo remedio da súa alma, doan ao mosteiro de Sobrado canta herdade teñen en Fente. (fol. 84v)

1230.

Rodrigo Peláez, crego de Amoexa, manda a herdade que ten en Ínsula de Fente aos seus fillos Paio Rodríguez e Pedro Rodríguez, para que as teñan durante a súa vida, pasando, cando morresen, ao mosteiro. (fol. 84v-fol. 84Ar)

[**O que sería o folio 85 está en branco por ambas caras. Por iso o denominamos folio 84A**]

1163, xuño, 1.

Xoán Pérez e a súa muller Aragonte Díaz, cos seus fillos, venden ao abade don Exidío e ao mosteiro de Sobrado a herdade que teñen en Vila Ínsula, territorio de Monterroso, que chaman Fente, preto da igrexa de San Martiño de Fente, por 70 soldos. (fol. 84Av)

1168, xaneiro, 19.

Paio Fernández, e a súa muller María Peláez, venden ao mosteiro de Sobrado a sexta parte de cada un de dous casais en Ínsula, por dez soldos. (fol. 85r)

[**Séc. XII-XIII**]

Pedro Gordo, a súa filla María e o seu xenro Munio Ibáñez venden ao mosteiro de Sobrado as porcións que posúen en dous casais de Vila Ínsula, por un prezo de 13 soldos. (fol. 85r)

[**Séc. XII-XIII**]

Froila, presbítero, fillo de Paio Froilaz, doa a porción que posuía en Vila Ínsula por remedio da súa alma. (fol. 85r)

[**Séc. XII-XIII**]

Paio Cacheira doa ao mosteiro de Sobrado a súa porción de Vila Ínsula por dous soldos e a súa irmá Mancha a súa por remedio da súa alma. (fol. 85r)

1171, maio, 1.

Toda Rodríguez, abadesa, e Onegailda Alonso, priora, e as monxas do mosteiro de Orrea, dan ao mosteiro de Sobrado a herdade que teñen en Vila Ínsula, por dez soldos *andegainsium*. Estas herdades as posuían por doazón de Nuño Pérez, aio do rei Fernando, por remedio da súa alma. (fol. 85v)

1172, agosto, 1.

Munio Pérez, chamado Lana, a súa muller Maior Peláez, e os seus fillos, doan ao abade Paio e ao mosteiro de Sobrado a herdade que

teñen en Ínsula, territorio de Monterroso, preto da igrexa de San Salvador de Vilanune. Munio Pérez compensa a parte que doa á súa muller en Ínsula co que posúe en Pedrafita de Asma, en Amoexa e en San Tirso, e o mosteiro tamén lle dá a ela *medias* de dous *sarracinos*, medio dun *pulli* e outras compensacións. A doazón a fan por remedio da súa alma e a dos seus parentes. Ademais, Munio Pérez promete observar a Orde, recibindo á súa morte sepultura no mosteiro. (fol. 86r-v)

1180, abril, 26.

Fernando, Odoario e Pedro Muñoz, fillos de Muñoz Rodríguez e Marina Fernández, venden ao abade Exidío e ao mosteiro de Sobrado a herdade que posúen en Ínsula, por 125 soldos de moeda forte. (fol. 86v-87r)

[O copista equivocouse na data que pon no seu resume do documento].

1180, maio, 1.

Exemena Muñoz, con seu marido Xiraldo Pérez, e Marina Muñoz e o seu marido Sancho Odoario, venden ao abade Exidío e ao mosteiro de Sobrado a herdade que teñen en Ínsula, recibindo a primeira dez soldos *andegavisinus*, e a segunda 60. (fol. 87r-88r)

1180, maio, 1.

Domingo Díaz, Xoán Díaz, Paio Díaz e Xoán Díaz, e os seus herdeiros, venden ao mosteiro de Sobrado a súa herdade en Vila Ínsula, por un prezo de 36 soldos e unha *tega de milio* de roboración. (fol. 88r)

1180, xaneiro, 19.

Paio Fernández e a súa muller María Peláez venden ao mosteiro de Sobrado a herdade que posúen en Vila Ínsula, que é a sexta parte de dous casais, por 10 soldos. (fol. 88r)

1203, outubro.

Paio Muñoz e o seu fillo Munio Peláez, por remedio das súas almas, doan ao mosteiro de Sobrado canta herdade teñen en Fente. (fol. 88r-v)

1203

Di o copista que hai outra venda do mesmo ano que está no preito, folio 1.020, nº 25. (fol. 88v)

1219, xaneiro, 27.

Sancho Martínez de Amoexa vende a frei Froila, *magistro* de Fente e ao mosteiro, a herdade que ten en Vila Ínsula, por 115 soldos. (fol. 88v)

Di o copista: «Hasta aquí son todas estas donaciones que el rey emperador había dado al

monasterio, y otros devotos, y el monasterio había comprado, como por ellas parece, y aquí quedan puestas para que haya mas noticia de ellas, y así se ponen por su orden todas y no habrá excusa que no se lean y para que se siga el pleito». (fol. 88v-89r)

1186.

Domingo Odoario, crego e sacerdote de Amoexa, doa ao mosteiro de Sobrado todo o que ten en Amoexa, preto da igrexa de Santa María de Herada, en Froán. Faino por remedio da súa alma e a dos seus parentes e porque o mosteiro o recibiu nos seus beneficios espirituais e temporais, ao tempo que solicita ser sepultado en Sobrado, ao que o abade do mosteiro accede. (fol. 89v)

SANTIAGO DE AMOEXA.**1633.**

Frei Anxo Tristán e frei Gabriel García, con poder do abade e convento de Sobrado, aforaron a Alonso Vázquez Somoza, pola vida de tres reis, sendo o primeiro Felipe IV, o lugar de Santiago de Amoexa, sobre o que o mosteiro lle tiña posto preito, deixándollo porque no tiña casa, para que non se ermase e por seren unhas herdades soltas, por unha renda de dúas fanegas e media de centeo de a cinco ferrados, a pagar en agosto, unha libra de cera á morte de cada rei, e a décima das vendas. (fol. 90r)

[Século XVII]

Apeo dos bens do foro anterior. (fol. 90r-91r)

[Sen data].

Faise referencia a un apeo antigo de dito lugar, que incluía un ferrado menos de terreo. (fol. 91r)

1644.

Frei Nicolás Bravo, abade de Sobrado, e o convento, aforan a Xoán López Varela das Seixas, veciño de Santa María de Sabadelle, xurisdicción de Chantada, e a Pedro López Varela, o seu irmán, veciño de Santa María de Barazón, o lugar segundo de «caira», sito en Santiago de Amoexa e en San Salvador de Vilanune, coas súas casas e torre, hortas, eiras, árbores, etc., por vida de tres reis, sendo o primeiro Felipe IV, por seis fanegas de centeo de a cinco ferrados, a pagar en Outeiro de Donas, a décima de todas as vendas e unha libra de cera á morte de cada rei. (fol. 91v)

[Século XVII]

Apeo do foro anterior. (fol. 91v-93r)

1570.

Faise referencia a un apeo dos lugares de caira en Santiago de Amoexa. (fol. 93r)

FENTE. LUGAR DE MOURELLE.**1227, abril, 13.**

Marina Núñez, muller que foi de Xoán Peláez, chamado Roxo, cos seus fillos Munio, Paio, Nuño e María Ibáñez, venden a don Henrique, abade de Sobrado, e ao convento, a herdade que teñen en Vila Mourelle, freguesía de Santiago de Amoexa, por 400 soldos leoneses. (fol. 93v)

1268.

Pedro Fernández de Castellón, coa súa muller dona María Lourenzo, apartáronse dunha demanda que tiñan posta ao mosteiro de Sobrado sobre os lugares de Mourelle, en San Estevo de Anzar, posto que comprobaron que a súa avoa os vendera ao mosteiro. (fol. 93v-94r)

[Século XVI]

Apeo das propiedades do mosteiro de Sobrado no lugar de Mourelle, freguesía de San Estevo de Anzar. (fol. 94r)

OUTEIRO DE DONAS.**1203, maio.**

Paio Drici e Marina Drici venden ao mosteiro de Sobrado dúas partes das herdades que teñen en Outeiro de Donas, por un prezo de 34 soldos. (fol. 94v)

1203.

Pedro Peláez e Elvira Peláez venden ao mosteiro de Sobrado a parte que teñen en Outeiro de Donas, por un prezo de oito soldos. (fol. 94v)

1266.

Vasco López, cabaleiro, fillo de don Lope Rodríguez, mandou ao mosteiro de Sobrado todo o que tiña, tanto laico como eclesiástico, en Vilar de Donas. (fol. 94v-95r)

1299, maio, 14.

Martiño Pérez de Castro, xunto cos seus fillos Mariña e Pedro Sánchez, e a súa nora María Yáñez, venden a frei Domingo Pérez, abade de Sobrado, e ao convento, todos os herdamentos que Xoán das Donas tiña na vila de Outeiro de Donas, por un prezo de 270 soldos afonsís da guerra. (fol. 95v)

1548.

Francisco de Olivares, abade de Sobrado, e o convento, aforaron a Alonso Marino, á súa muller Isabel González e a un fillo e neto, o casal de

Outeiro de Donas, sito na freguesía de Santa María de Casadenaia, por unha renda de cinco fanegas de centeo, anque, mentres durase o tempo do foro do conde don Pedro, só pagarían catro, aumentándose logo a cantidade. (fol. 96r)

1575.

Tentouse facer un apeo das propiedades do mosteiro neste lugar de Outeiro de Donas, pero os apeadores non sabían con exactitude cales eran, por existiren no mesmo lugar outras do cabido de Lugo e de outros señores. (fol. 96r)

1640.

Apeo dos bens do mosteiro de Sobrado en Outeiro de Donas. (fol. 96r-97r)

1641, setembro, 7.

Frei Nicolás Bravo, abade de Sobrado, arrendou o lugar de Outeiro de Donas a Alonso de Otero, veciño da freguesía de Santa María de Casadenaia, por cinco fanegas de pan, cada unha de cinco ferrados. (fol. 97r)

[Século XVII]

Menciónase a existencia dunha pauliña coas súas declaracións e roborada pola xustiza. (fol. 97r)

FENTE. LUGARES DOS FERREIROS.**[O folio 97v está en branco].****1474, agosto, 24.**

Diego de Muros, bispo de Tui e abade de Sobrado, co convento, aforaron a Fernando Ares Noguerol os casais que o mosteiro tiña en Ferreiros e o lugar de Fente con todas as súas herdades, polos días da súa vida e tres voces máis, por unha renda de catro fanegas de pan pagadeiras por agosto. (fol. 98r)

1575.

Apeo das propiedades do mosteiro de Sobrado no lugar de Ferreiros, sito na freguesía de San Cibrao de Ferreiros [Monterroso]. (fol. 98r-99r)

2º LUGAR DE FERREIROS**1575.**

Apeo do segundo lugar que o mosteiro de Sobrado tiña en Ferreiros. (fol. 99v-100v)

RIAL**1512, maio, 4.**

Frei Fulxencio de Cuéllar, abade de Sobrado, e o convento, aforan a Gonzalo da Graña e á súa muller Inés García e a dúas voces máis que sexan fillo e neto lexítimos, as herdades que o mosteiro

tiña en Rial, freguesía de San Andrés de Rial, por unha renda de tres fanegas de pan limpo e bo pagadeiras por agosto ou setembro, e coa condición de construír un celeiro nun prazo de tres anos. A renda tñíase que pagar ao conde don Fernando. (fol. 101r)

1505

Apeo do lugar de Rial. (fol. 101r-v)

CASTENDA.**1233.**

Fernán Núñez, Sancho, Urraca Díaz, Teresa Díaz, Urraca Fernández e Pedro Arias venden ao abade don Humberto e ao mosteiro de Sobrado as porcións que tiñan en Casteneira. O mosteiro pagou un total de 155 soldos. (fol. 102r)

1573.

Apeo do lugar de Castenda. (fol. 102v-103r)

LUGAR DE ULLOA.**1573.**

Apeo do lugar de Ulloa, freguesía de San Salvador de Valboa. (fol. 103v)

LUGAR DE VILA.**1582.**

Frei Atanasio Morante, abade de Sobrado, co convento, aforaron a Miguel Fernández, veciño da vila de Chantada e a Inés Varela, a súa muller, e un fillo e neto lexítimos e de lexítimo matrimonio, tendo o dito Miguel que nomear, antes de falecer, ao fillo, e o fillo ao neto, estando obrigados estes últimos a nomear e presentar por voces e foreiros ao dito mosteiro nun prazo de corenta días, so pena de perder o foro, o lugar e casal que se di de Vila, freguesía de San Paio de Arxiz, por unha renda de catro fanegas de pan, a pagar na granxa de Fente polo tempo do foro do Conde, e despois no mosteiro. (fol. 104r)

1573.

Apeo do lugar de Arxiz. (fol. 104r-105v)

HERDADE DOS CORVOS.**1184, xaneiro, 1.**

Paio Pérez e a súa muller María Peláez venden ao mosteiro de Sobrado catro partes da herdade que teñen na vila de Outeiro, que chaman dos Corvos, que está no término de Fente, por 50 soldos de moeda forte e un *sextario* de pan en roboración. (fol. 106r)

1184, xaneiro, 1.

Os mesmos do documento anterior venden

outra cuarta parte do mesmo lugar, así mesmo por 50 soldos e outro *sextario* de roboración. (fol. 106r)

1184, xaneiro, 1.

Os mesmos do documento anterior dan ao mosteiro de Sobrado catro porcións no lugar «dos corvos» por 50 soldos e un *sextario* de roboración. Ese diñeiro foille pagado por Xoán Luna, que lle deu 30 soldos, e os freires de Fente, que lle deron os outros 20.

Igualmente, Pedro Fernández e a súa muller Marina Rodríguez dan ao mosteiro, pola súa alma, a súa porción no Agro de «petra Alva». (fol. 106v)

HERDADES ANEXAS DE FENTE.

1573.

Dise que nun apeo dese ano declarou Francisco de Fente que existían unhas herdades anexas á granxa, das que leva o Conde, de renda, dúas fanegas de ceoteo, e Teresa Alonso e Xoán de Gaiosio catro fanegas e dous capóns. Afirmar que non as pode demarcar por estaren mesturadas con outras propiedades. (fol. 107r)

HERDADE DE HERMIDA.

1570.

Pedro da Graña, crego, declarou no apeo efectuado este ano as herdades de Hermida, anexas á granxa de Fente, e sitas na freguesía de Santa María de Olveda. (fol. 107v)

1270, xaneiro, 15.

Martiño Pérez, María Pérez e Marina Pérez, fillos de Pedro, chamado Avana, venden a Xoán Henríquez, abade de Sobrado, ao prior maior, Xoán Pérez, a Pedro Díaz, celareiro dos Camiños e Monterroso, e ao convento, o que teñen do seu pai na freguesía de San Martiño do Mato, en terra de Asma, concretamente os casares que chaman Campo. Non se especifica o prezo. (fol. 108r)

[Século XVI]

Pedro de Graña declara que os lugares dos Campos, que están na freguesía de San Martiño do Mato, son tres, e os levan polo mosteiro Pedro de Camba e Lope de Taboada. (fol. 108r)

[Fol. 108v en branco].

1225, maio, 2.

Afonso IX confirma a doazón, feita ao mosteiro de Sobrado e ao seu abade don Exidio polo emperador Afonso VII en León, *VIII calendas ianuarii* de 1155, do casal ermo de

Fente. (fol. 109r-110r)

1509.

Frei Fulxencio de Cuéllar, abade de Sobrado e visitador xeral do Císter, co convento, aforan ao conde Fernando de Andrade e á condesa Francisca de Zúñiga, e a tres voces máis, as freguesías de San Andrés de Roade, Guitar e Nogueira, cos beneficios das sincuras e a xurisdición alta e baixa; a granxa de Fente cos seus anexos; o couto de Vilouriz coa presentación do beneficio e a xurisdición civil e criminal; os casares de Viga, de Vilariño e de Nogueirosa; o casar de Vilarquite, sito na freguesía de Mandiáa; a presentación da metade da igrexa de San Cosme de Nogueirosa coa súa parte da cura; as tres partes que pertencen ao mosteiro no casar de Vila Dónega e a metade do monte de Priouro, por unha renda anual de 2.000 maravedís pares de brancas a pagar no mosteiro, e coa obriga de que o conde ampare a este. (fol. 110v)

1538.

O conde Fernando de Andrade declarou o contido no foro anterior. (fol. 110v)

Cítase o testamento do primeiro conde de Monterrei, dicíndose que está neste libro, no folio 159 [o cal non é certo]. (fol. 110v)

[Século XVI]

Apeo da granxa de Fente e os seus anexos. (fol. 110v-111r)

[Fol. 111v en branco].

SAN XIAO DO CAMIÑO.

1193, outubro, 23. Zamora.

Comeza este folio cun curioso comentario do escriba, no que se queixa de que tendo existido no mosteiro «tantos santos monjes y ocupado a muchos en el officio de archivista en el archivo, ayan sido tan omisos en sacar y poner en luz el coto de S. Jiao del Camino», dado que dende a data da primeira doazón, en 1193, ata o momento no que se redacta o libro, 1655, «estava muerto y sin tener en los tumbos mas de que se apeo, y se saco carta Executoria contra el Marques de Sarria y dos o tres foros, y porque se sepa del y quien le dio ao M^o y de la demarcación, Rentas y foros. Lo pondre aqui. Tiene Jurisdicion Civil y Criminal y el P^e Abbad del M^o pone su merino y lleva sus penas de camara y manda tomar sus Residenciales y oficiales de justicias y a escrivanos u Alguaciles como señor de dicho coto, el qual le avia dado al M^o Alonso R^z y se le confirmo el Rey D. Alonso y

le hace merced al dicho M^o, que es del tenor siguiente:

(*Segue a confirmación de Afonso IX da doazón que fixera da igrexa de San Xiao de «Ulloa» [do Camiño, en Palas de Rei], ao mosteiro de Sobrado, Afonso Rodríguez, co reguengo de dito lugar.*) (fol. 112r-v)

1552, decembro, 11.

Apeo da granxa de San Xiao do Camiño. (fol. 113r-v)

[Século XVI]

María Vázquez, viúva, vende unha casa na granxa de San Xiao do Camiño por 19 ducados. (fol. 113v)

1581.

Menciónase unha Carta Executoria librada na Chancelería de Valladolid contra don Fernando de Castro, marqués de Sarria, sobre a xurisdición da granxa de San Xiao do Camiño de todo o a ela anexo. (fol. 113v)

1637.

Fíxose Carta Executoria contra Andrés Vázquez da Graña e consorte, na Coruña. (fol. 113v)

1577.

Alonso Ruiz, abade de Sobrado, e o convento, aforaron a Gregorio da Graña e á súa muller Marina Ibáñez e dúas voces máis, que fosen fillo e neto, todo o pertencente á granxa de San Xiao do Camiño, e a xurisdición civil e criminal de dito lugar, por unha renda de 30 celemins de pan a pagar por agosto na tulla do mosteiro, dous carneiros por San Xoán, e a décima do prezo. (fol. 114r-v)

1630, novembro, 12.

A Andrés da Graña, veciño de San Xiao do Camiño, como neto lexítimo de Gregorio da Graña, convenlle ser a terceira e última voz do foro desta granxa. Por tal se nomeou. (fol. 114v)

1646, maio, 7.

Andrés da Graña, neto de Andrés da Graña, é a última voz da metade da granxa. Lle requiriu frei Malaquías que se nomease por terceira e última voz do foro, e se nomeou. (fol. 114v)

[Pode comprobarse que entre os dous documentos existen contradicións].

1604, febreiro, 23.

Andrés Vázquez da Graña vendeu, con licenza de frei Lope de León, a Miguel López da Graña a metade do foro que tiña, polo cal pagaba ao mosteiro sete celemins de pan e un cuarto de carneiro polas voces do foro. (fol. 114v)

1637.

Frei Nicolás Bravo, abade de Sobrado, e o convento, aforaron a Alonso Vázquez Tato, e á súa muller e fillos, pola vida de tres reis, sendo o primeiro Felipe IV, a cuarta parte do lugar de Graña, por unha renda de nove celemins e medio de pan, a pagar en agosto, un carneiro duns dous anos de idade, a décima do prezo e unha libra de cera á morte de cada rei. (fol. 115r)

[Século XVII]

Apeo do lugar da Graña, pertencente á granxa de San Xiao do Camiño. (fol. 115r-116r)

1650.

Frei Nicolás de Cabezón, prior e presidente de Sobrado, e o convento, aforaron a Gregorio Vázquez da Graña, vasalo do mosteiro, pola vida de tres reis, a cuarta parte da granxa da Graña, por unha renda de oito celemins de pan a pagar en agosto, medio carneiro por San Xoán e a cuarta parte do prezo. (fol. 116v)

[Século XVII]

Demarcación e apeo do foro anterior. (fol. 116v-117r)

1637.

Frei Nicolás Bravo, abade de Sobrado, e o convento, aforaron a Andrés Vázquez da Graña, veciño de San Xiao do Camiño e a Alonso López, veciño de Vilamaior de Ulloa, pola vida de tres reis e para as súas mulleres, fillos e herdeiros, a cuarta parte da granxa de San Xiao do Camiño, por unha renda de oito celemins e medio de pan a pagar en agosto ou setembro, un carneiro por San Xoán e unha cuarta, a décima do prezo e unha libra de cera á morte de cada rei. (fol. 117v)

[Século XVII]

Apeo do foro anterior. (fol. 117v-119v)

1650.

Frei Nicolás de Cabezón, prior e presidente de Sobrado, co convento, aforaron a Bernardo Gómez das Seixas, veciño de San Martiño de Carnexa, pola vida de tres reis, a metade da granxa da Graña, por unha renda de 18 celemins de pan a pagar en agosto ou setembro, un carneiro bo ou nove reais no seu lugar, unha libra de cera «veintena» á morte de cada rei, dous pares de capóns pola licenza de trocar e a cuarta parte do prezo. (fol. 120r)

[Século XVII]

Apeo do foro anterior. (fol. 120r-v)

HERDADES DE FREXO E PORTICELO.

1599. Frei Martiño Ordóñez aforou a metade das herdades de Frexo e Portice-lo, sitas xunto a San Xiao do Camiño, a Xoán López de Pambre, veciño da xurisdicción de Vilamaior de Ulloa, e a un fillo e neto, por unha renda de dous celemins de pan. (*fol. 121r*)

1598. Apeo das herdades de Frexo e Portice-lo. (*fol. 121r-v*)

1620. Frei Nicolás Bravo, e o convento, aforaron a xurisdicción civil e criminal e o vasalaxe do couto de San Xiao do Camiño, pola vida de tres reis, ao doutor don Xurxo Arias Nogue-ro, por unha renda de 400 maravedís a pagar no Nadal, podendo o mosteiro entrar con vara para a súa cobranza. (*fol. 122r*)

1620. Dise que morreu Felipe III e comezou a reinar Felipe IV, pasando a estar o foro anterior en segunda vida. (*fol. 122r*)

Dise que o apeo desta granxa está xa reseñado no folio 113. (*fol. 122r*)
[**Fol. 122v en branco**].

S. SALVADOR DE LARO EN TERRA DE DEZA.**LUGARES DE SANTES E S. MARTIÑO DE FREXO.**

1599. Frei Atanasio Velázquez, e o convento, aforaron a Álvaro Varela e á súa muller Catalina de Rojas, polas súas vidas e as dun fillo e neto lexítimos, que se nomearán nun prazo de 30 días despois da morte do que leve a voz, os lugares e casas que se din de Sante, de San Martiño e de Frexeiro, sitos en San Salvador de Laro, xurisdicción do Foxo de Deza, por unha renda de oito celemins de pan a pagar en agosto ou setembro, facer apeo dos bens á súa costa, dando traslado ao mosteiro, e a décima do prezo. (*fol. 123r*)

1599. Apeo dos lugares do foro anterior. (*fol. 123r-124Br*)

[Existe un erro na numeración dos folios, aparecendo repetido tres veces o 124. Por este motivo numerámoslos do xeito seguinte: 124r-124v, 124Ar-124Av e 124Be-124Bv]

[**Fol. 124Bv en branco**].

FILGUEIRA.

1233, xullo, 2. Testamento do cabaleiro Rodrigo González de Borraxeiros. (*fol. 125r-v*)

1614, febreiro, 18.

Frei Bernardo Granero, abade de Sobrado, en nome do mosteiro, e Estevo de Castro, rector de Augas Santas, fixeron unha concordia entre eles sobre a renda que se pagaba ao mosteiro do lugar de Filgueira, e se concertaron polas rebaixas en seis celemins de pan a pagar en agosto e outros dous celemins e medio de pan cada ano postos en casa do mordomo, no couto da Graña, por agosto ou setembro. (*fol. 125v*)

1643, abril, 20.

Catalina Vázquez de Saa, viúva de Gregorio Carneiro, veciña da freguesía de San Martiño de Curvián, dixo que cedía e traspasou toda a voz que tiña no lugar de Filgueira ao mosteiro de Sobrado, para que pudiese seguir o preito que tivese dito mosteiro sobre os bens. (*fol. 125v*)

1643, maio, 16.

Concordia entre o mosteiro de Sobrado e Ares Conde de Quiroga e Monterroso. O dito Ares Conde dá ao mosteiro dous celemins e medio de pan de renda dos oito que lle pagaba Alonso Vázquez Tato, apartándose o mosteiro do preito que lle tiña posto ao dito Ares Conde. (*fol. 125v-126r*)

[**Sen data**].

Cítase unha declaración que figura nun apeo pola cal Fernando de Saa e Alonso González se obrigan a pagar os cinco celemins de pan, como antigamente se pagaran, que figuran no foro anterior. (*fol. 126r*)

1573.

Menciónase que se fixo un apeo de Fente. (*fol. 126r*)

[**Fol. 126v en branco**].

PORTOMARÍN.

1177, xuño, 8. Sobrado.

Sancho Pérez e a súa muller Marina Muñiz testan ao mosteiro de Sobrado a metade dunha casa que posúen en Portomarín, baixo a igrexa de San Pedro, dándolles o mosteiro, durante a súa vida, unha renda anual de 20 anguías e rezando polas súas almas. (*fol. 127r*)

1206.

Pedro Núñez doa ao mosteiro de Sobrado, e ao seu abade don Paio, unha casa coa metade dun forno na vila de Portomarín. (*fol. 127r*)

1206.

Lope Peláez vendeu ao mosteiro de Sobrado un cuarto de casa en Portomarín, na freguesía de San Pedro, por un prezo de 400 soldos. (*fol. 127r*)

1206.

Don Elías de Portomarín, e a súa muller dona Sancha Ordóñez, venderon a don Paio, abade de Sobrado, e ao convento, a metade dunha casa, e da outra metade a cuarta, en Portomarín, freguesía de San Pedro, por 80 soldos. (*fol. 127v*)

1624.

Frai Anxo Tristán, prior e presidente do mosteiro de Sobrado, e o convento, aforaron a Andrés Verín, polas vidas de tres reis, sendo o primeiro Felipe IV, unha casa e horta en Portomarín, por unha renda de 28 reais anuais, a pagar por San Xoán, e a décima parte do prezo. (*fol. 127v*)

[**Sen data**].

Menciónase a existencia dun apeo no libro de Custodia, folio 281. (*fol. 127v*)

1623.

Menciónase que se fixo neste ano unha Carta Executoria desta casa. (*fol. 127v*)

SANTALLA DE TEILÁN.

[**Séculos XII-XIII**]

Xoán Fernández doa ao mosteiro de Sobrado, por remedio da súa alma, da da súa nai e os seus irmáns, diversas herdades en Santalla de Teilán. (*fol. 128r*)

1490.

Frei Rodrigo Núñez, abade de Sobrado, co convento, aforaron a Nuño Fernández e a súa muller Teresa Ibáñez, e a un fillo ou filla, o lugar de Sobrado, que levaba Diego López, por unha renda de 40 maravedís vellos, e estes fan doazón ao mosteiro dunha viña que chaman de Martín, que está no Porto Prestiño. (*fol. 128r-v*)

[**Sen data**].

Menciónase a existencia dun foro antigo no que aparece outro lugar, á parte do de Sobrado, chamado Sembade, xunto a Monforte. (*fol. 128v*)

1505.

Frei Bernardo de Medina, abade de Sobrado, e o convento, aforaron a Nuño de Guitián, crego, e a dúas voces, as herdades e viñas que o mosteiro tiña na freguesía de Santalla de Teilán, por unha renda de 200 maravedís. (*fol. 128v*)

1563, xaneiro, 12.

Frei Miguel de Buiza, abade de Sobrado, co

convento, aforaron a Diego de Guitián e á súa muller Sabina García, veciños de Santalla de Teilán, e a un fillo e neto lexítimos, o que tiña o mosteiro no lugar de Sobrado, por unha renda de seis ducados a pagar por San Martiño. (*fol. 128v*)

1631, marzo, 26.

Nomeouse por terceira e última voz deste foro Matías Díaz de Guitián, como neto de Diego Díaz de Guitián, obrigándose a pagar a renda. (*fol. 128v*)

[**Século XVI**]

Apeo do lugar de Sobrado, freguesía de Santalla de Teilán. (*fol. 129-129v*)

[**Fol. 130r-v en branco**].

QUIROGA. [LUGO]

1281, xullo, 9.

Doña Teresa Vázquez, muller de don Alonso López de Lemos, doou ao abade de Sobrado, don Domingo, e ao mosteiro, un lugar que tiña en Lumiares, e o mosteiro aforoulle a granxa da Ermida e o lugar de Lumiares, que dera ao mosteiro, polo tempo da súa vida e unha renda de 100 maravedís anuais, e a obriga de recobrar os tres casares que tivo don Rodrigo Pérez. (*fol. 131r*)

1338.

Frei Domingo Pérez, abade de Sobrado, e o convento, arrendaron a Lope Ruiz, cabaleiro, pola súa vida, a granxa de Quiroga, que se di de Santa María, o casal de Lumiares, o casal de Cambela, o casal de Villar e todos os herdamentos que están no lugar de Quiroga, por unha renda de 150 maravedís. (*fol. 131r*)

1390.

Frei Alonso Yáñez, abade de Sobrado, co convento, aforaron a Álvaro López o lugar da Hermida, en terra de Quiroga, na parroquia de San Salvador; o casal de Cambela, sito na freguesía de Teriz e unhas herdades en Santa María de Quintana, por unha renda de 40 maravedís. (*fol. 131r*)

1464.

Frei Rodrigo Núñez, abade de Sobrado, co convento, aforaron a Gonzalo López, veciño de San Salvador de Quiroga, e a un fillo e unha voz, o lugar e granxa da Ermida, o casal de Cambela, o lugar de Lumiares, sito en San Paio de Aveleda, e o lugar que está nas montañas de Lor, en Santa María de Quintana, por 90 maravedís vellos, a pagar no mosteiro polo Nadal. (*fol. 131r-v*)

1481.

Diego de Muros, bispo de Tui e administrador de Sobrado, co convento, aforaron a Mende de Ribera e a un fillo ou filla e neto ou neta, a granxa da Ermida, por 100 maravedís vellos postos no mosteiro por San Martiño. Se especifica que un maravedí son tres «blancas viejas y un cornado», e unha «blanca vieja», «tres cornados». (fol. 131v)

1494.

Frei Sebastián de Padilla, abade da Espina e presidente de Sobrado, co convento, aforaron a Xoán de Quiroga, veciño de Villafranca, e á súa muller Constanza Sánchez, e a tres voces, a granxa da Ermida, sita en San Salvador do Hospital de Quiroga, bispado de Astorga, por unha renda de 200 maravedís vellos, contando a «blanca en tres cornados», que 10 fan un maravedí, a pagar no mosteiro polo mes de novembro. (fol. 131v)

1527.

Presentouse por voz deste foro Rodrigo de Quiroga, fillo de Xoán de Quiroga, por morte do seu pai, recibíndoo frei Gabriel de Parga como lexítima voz. (fol. 131v)

1578.

Fíxose requirimento a Francisco de Noceda, veciño de Vilafranca, para que se nomee por voz da granxa da Ermida. (fol. 132r)

1578.

Francisco de Noceda, fillo de Xoán de Quiroga, se nomea por primeira voz do foro. O mosteiro acéptao como voz, pero segunda, xa que anteriormente o tivera o seu irmán Rodrigo de Quiroga, xa falecido. (fol. 132r)

1570.

Apeo da facenda da granxa da Ermida. (fol. 132r)

1625.

Frei Bernabé Alonso, predicador de Sobrado, con poder de frei Pablo Lirio, abade do mosteiro, e o convento, aforou, por unha duración da vida de tres reis, sendo o primeiro Felipe IV, a don Diego de Prada, cabaleiro da Orde de Santiago e a dona Ana Cadórniga e Sarmiento, a súa muller, e aos seus fillos e herdeiros, a granxa da Ermida, o casar de Vilar, os catro lugares de Cambela, e os outros anexos, por unha renda de cinco ducados de a 11 reais cada un, a pagar no mosteiro o día de Nadal, a vinteava parte das vendas, unha libra de cera á morte de cada rei e vir recoñecer dita facenda. (fol. 132v)

[Fol. 133r-v en branco].**TRIACASTELA.****1489.**

Frei Rodrigo, abade de Sobrado, e o convento, aforaron a Ares Rodríguez e á súa muller, veciños de Triacastela, unha casa e horta en dito lugar, freguesía de Santa María Magdalena, que está xunto á casa de Vidal Ternero, e no fondo, xunto á cerca da vila e riba do camiño francés, coa condición de que den pousada aos do mosteiro de Sobrado que fosen a Castela (cama, auga, fogo e sal). (fol. 134r)

1537.

Frei Lourenzo Alderete, abade de Sobrado, co convento, aforaron a Pedro de Parga, crego, e a unha voz, a praza que sacou «de donde estaba negada», sita xunto á praza de Diego de Samos, a «calle» de Triacastela e o camiño que vai para a ponte de Triacastela, por unha renda de catro maravedís pares de brancas de moeda usual, a pagar por San Martiño. (fol. 134r)

[Fols. 134v e 135r-v en branco].**1506. Valladolid.**

Testamento de Sancho de Ulloa, conde de Monterrei. (fol. 136r-147v)

Aparecen no Tombo, pero soltos, -polo que cremos que están inseridos nel por azar-, varios documentos. Son os seguintes:

1747, maio, 5. Mosteiro de Palazuelos.

Definicións feitas no Cabido Xeral do Císter de España. (2 fols. Impreso).

1832, maio, 5. Mosteiro de Palazuelos.

Definicións feitas no Cabido Xeral do Císter nos reinos da Coroa de Castela, León, etc. (2 fols. Impreso).

Visita do Xeneral. (2 fols. manuscritos).**Informe dos PP. MM. Visitadores. (1 fol. manuscrito).****Obediencias do Abade. (2 fols. manuscritos).****1759, maio, 5. Colexio de Palazuelos.**

Actas/Definicións feitas no Cabido Xeral do Císter nos reinos de Castela, León, etc. (2 fols. Impreso).

1780, maio, 1. Mosteiro de Palazuelos.

Actas do Cabido Intermedio do Císter nos reinos da Coroa de Castela e León, etc. (2 fols. Impreso).

1768, maio, 1. Colexio de Palazuelos.

Actas do Cabido Intermedio do Císter de Castela, León, etc. (2 fols. Impreso).